

## Un pouco de sentidiño

<http://www.schaerlaeckens.com/>

11/10/2014

Traducido por Xosé Pereiro Francés

Dúas persoas dixéronme que aínda parecía bastante novo. Pero isto non é algo que me faga especialmente feliz, son cousas que só se lles din aos que van vellos. A boa noticia é que aprendín moito durante todos estes anos. Por exemplo, téñolle perdida a fe a cousas que outros consideran erroneamente importantes. A alimentación é unha delas. É realmente unha arte como din algúns? Hmmm.

## Alimentación

Tomemos por exemplo a chamada mestura de muda. Este termo no se basea en nada porque, simplemente, **non existen** mesturas para unha mellor muda. Compare as mesturas de muda de todas esas diferentes empresas e vostede xa saberá todo o necesario. Son todas totalmente diferentes.

As empresas venden mesturas de muda porque o piden os afeccionados, pero... as aves saudables mudan automaticamente, está na súa natureza. Se vostede realmente quere forzar as cousas deberá manipular luz e escuridade pero as alimentación especiais ou as mesturas de muda, son un desperdicio e nada máis que iso.

Por outra parte tampouco creo na necesidade de meterlle máis enerxía no corpo das pombas nos últimos días antes do encesto por medio de millo, manises ou mesmo aceite. Os científicos riríanse de iso.

"A cebada mantén as pombas en calma" lin unha vez.

"E o Papa vai gañar a maratón", pensei.

Empecei a tomar a comida e o xeito de alimentar menos en serio en 1997.

Daquela, a miña 144 era sempre a última en entrar despois do adestramento.

En consecuencia acontecía que, cando finalmente entraba, os seus compañeiros xa lle tiñan papado todo o millo. E non é o millo absolutamente necesario, segundo din? E aínda así, a 144, a que non tiña comido nada de millo durante semanas, gañou 3 primeiros premios nun mes.

Así que, querido amigo columbófilo, non se crea todo o que está escrito.

Algunhas persoas merecen crédito porque escriben artigos interesantes, pero outros merecen tódolos créditos, xa que logo **non** escriben.

## Máis do mesmo

As persoas que nos din que si na mestura por riba do 0,1 % de proteínas é moito, ou de graxas e tal, non deben de ser tomadas en serio. Son uns pallasos.

Eu alimento ca mesma mestura durante todo o ano. Así que, todas esas persoas que me preguntaron porqué nunca escribín sobre alimentación, xa teñen a resposta: sei ben pouco sobre o tema e, ademais, non me interesa. Aínda así nunca me vin eivado pola miña falta de coñecemento. Nos anos 80 e nos 90 era normal que os meus animais gañaran o Campionato Provincial, tanto con pombas vellas coma cas novas. E estou a falar dunha competición con varios miles de afeccionados.

En 2012 conseguín o récord de 15 primeiros premios, en 2013 fun primeiro no Campionato de pombas vellas na Federación, que inclúe clubs e grandes áreas competitivas, e as miñas aves gañaron o primeiro posto en Amberes, na Bélxica.

Que quero dicir con isto: que cando os resultados teñen sido tan bos durante tantos anos, non pode ser unha parvada todo o que acabo de dicir.

## André

André escribiu unha serie de artigos sobre min na revista líder de pombas ***Duifke Lacht de Natural***. Segundo el eu era o mellor concursante de pombas novas da Holanda e... penso que tiña razón. Polo menos daquela. O meu sistema era concursar con sexos separados. E digo **era** porque ese sistema xa non é posible hoxe en día para min debido ás circunstancias.

Columbófilos prominentes como **G. vd Wouwer, Leo Heremans e John van Wanrooy** están de acordo en que este é o mellor sistema.

Competir con aves novas ao natural (nos niños) resulta obsoleta.

## Non estou tan só

André (refirome a **Andre Roodhooft** por suposto) tamén é un home pragmático. Afirmo, talmente, que non sabe nada de alimentación.

E, ao igual ca min, da as súas aves a mesma mestura durante todo o ano.

Como facía tamén o **Klak** nos seus últimos tempos. E **Scheele, Jos Joosen, Gommaar Verbruggen** e outros. Iso fai que me sinta menos solo. E que mellor concursante en carreiras de 500-650 km que o André?

En canto ás largas distancias **Jos Joosen** é un superhome. Cando as súas aves chegan a casa dunha carreira de 1.000 quilómetros tamén reciben a mesma mestura que nos días previos ao enceste.

E relativo aos complementos, André e máis eu temos tamén as mesmas ideas: as pombas poden prescindir de eles.

Todos os anuncios nas revistas de pombas e hoxe en día tamén en Internet sobre cousas que son "absolutamente necesarias para que as pombas gañen" son solo para encher os petos dos comerciantes. Se queres seguir o consello de algúns construtores de castelos no aire atoparás que unha semana non ten días dabondo para poñerlles na auga ou na comida todo iso que din que é tan necesario.

Unha e outra vez, os chamados homes de negocios veñen con algo novo. Hoxe en día hai píldoras incluso para o estrés ou para mellorar a orientación. “De este xeito poderá vostede reducir as perdas” Os meus lentes rebotáronme no nariz cando lin tal cousa! Só os dementes, os analfabetos e os crédulos, dito con todo respecto, caen nesta merda.

Do que non son conscientes é que están a ser despoixados de forma experta dos seus últimos centavos. Resulta frustrante ver como a intelixencia humana ten os seus límites mentres ca inxenuidade parece no chegar a telos.

Uns afeccionados que resultan persoas normais na vida cotián chegan a convertérense en nenos de escola despois dun bo resultado e asesórante sobre o que facer e o que deixar de facer. Non se deixen atrapar.

Na vida pódense chegar a oír moitas mentiras despois dun día de pesca, antes de las eleccións e despois duna boa carreira cas pombas.

## Inesquecible

Quen non ten lembranzas inesquecibles?

Eu non podo esquecer o Nacional de Chartres de 1991. A semana anterior as miñas pombas competiran extremadamente ben desde Orleans. E esa foi a razón pola que había tanta xente na miña casa aquel día, para ver chegar as pombas.

Nove chegaron case que xuntas, gañando o 2º, 3º, 4º e 6º Semi Nacional e así sucesivamente. E os meus 3 primeiros eran os 3 primeiros designados. En cando llo dixen a Jos, os compañeiros afeccionados que estaban no patio miráronse con picardía. Xoán estaba mexando contra uns arbustos e fixo como que non estaba a escoitar.

-E que pensas?" preguntelle a Pedro. El, que mesmo parecía estar reconcentrado en algo fascinante do fondo do seu vaso de cervexa, non contestou. E Harry colleu un lixo invisible da chaqueta mentres Tom murmuráballe algo acerca dunha botella máxica.

-Que foi o que dixeches?" preguntelle. Case que deu un chimpo e negou nervioso ca cabeza mirando con aire de culpabilidade para a punta dos seus zapatos.

## REALISTA

Algúns afeccionados pensan que poden pensar, pero iso é o único que pensan. Esas pombas **non** estaban dopadas. Uns anos máis tarde tiveron un gran equipo de pombas vellas. Eran as mesmas que esnaquizaran a carreira de Chartres.

Tomen ao belga **Charel Boeckx** de exemplo. É un home sinxelo que non sabe nada sobre minerais, proteínas ou ácidos, por no falar de medicamentos. Nin tan sequera lles sabe os nomes. Aínda así, ten competido súper durante décadas. Rara vez teño visto pombas tan cheas de saúde como as súas. E

coñezo a moitos afeccionados coma el. Estas persoas teñen unha mensaxe, pero deixan que sexan outros os que falen e escriban.

Se vostede séntese ben dándolle as súas aves todo tipo de aditivos, píldoras e caralladas, eu aconséllolle que o siga a facer. Sentirse ben é do máis importante na vida. Pero créame, está vostede perdendo o seu tempo e os seus cartos. **O que de verdade importa neste deporte son as pombas de calidade.** E non hai cousa neste mundo que poda converter un paxaro mediocre nunha ave de calidade.

Gracias a Deus.

Ad Schaerlaeckens